

Procedemento: CT215E. Subvencións para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais convocadas para o ano 2025.

Asunto: Nomeamento da Comisión de valoración.

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. Con data 10 de xaneiro de 2025 publícase no Diario Oficial de Galicia nº 6 a Resolución do 16 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais, e se convocan para o 2025.
2. O artigo 15 desta convocatoria recolle que para a avaliación das solicitudes presentadas constituirase unha Comisión de valoración.

A Comisión de valoración será nomeada pola Dirección da Agadic e estará formada por:

- a) Dúas persoas en calidade de profesionais expertas do ámbito audiovisual, das cales unha exercerá a presidencia e terá voto de calidade en caso de empate.
- b) Dúas persoas pertencentes á plantilla da Agadic, unha das cales exercerá a secretaría da Comisión e actuará con voz pero sen voto.

A mesma base recolle tamén que *"a condición de vogal da Comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituída en ningún caso"*.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galegas das Industrias Culturais, correspóndelle á Dirección, como órgano executivo da Axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.



2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".

3. No artigo 15 das bases reguladoras establécese que a Comisión de valoración será nomeada pola Dirección da Agadic.

En base ao exposto

RESOLVO:

Nomear a Comisión de Valoración deste procedemento de subvencións, coa seguinte composición:

- Presidente: Gemma Laura Vidal Villasur
- Vogal: Amaya Mauleón Serrano
- Vogal: Víctor Paz Morandeira, pertencente á plantilla da Agadic
- Secretaria : Dora González Olveira , pertencente á plantilla da Agadic

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Jacobo Sutil Nesta

Director

Axencia Galega das Industrias Culturais

